



CONCELLO DE  
OLEIROS

## Certificado

Asunción Sardón Blanco, secretaria xeral do Concello de Oleiros (A Coruña).-

### CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria do Concello Pleno, que tivo lugar o día 26 de xaneiro de 2012, adoptouse acordo sendo a súa parte dispositiva a seguinte:

“Punto 4.- Adopción de acordo en relación á execución da sentenza no recurso P.O. nº 4358/2009, de D. Oscar García Bao, sobre aprobación parcial definitiva do P.X.O.M. (orde de 11 de marzo de 2009)

“Visto documento correspondente ao grafiado en planos do PXMO da execución da sentenza nº 990/2011 de data 27 de outubro de 2011, recaída en recurso 4358/2009 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo, interposto por D. Oscar García Bao, contra a Orde de 11.3.2009 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, sobre aprobación definitiva parcial do PXMO.

Emitidos os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente, ao Concello Pleno propónse que adopte o seguinte acordo:

- ✓ **Primeiro.-** Dar conformidade ao grafiado que recolle o fallo da sentenza de 27 de outubro de 2011 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª da Sala do Contencioso Administrativo nos planos do PXMO: 1(26) de estrutura xeral e orgánica; 35B ordenación urbanística; 35 de ordenación urbanística do documento de cumprimentación da Orde de 11 de marzo de 2009, que grafa a pegada sonora do Plan Director do Aeroporto de A Coruña.
- ✓ **Segundo.-** Remitir o documento á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas aos efectos oportunos, ben en orde a outorgar a súa conformidade ou ben a efectos de plantear incidente de execución de sentenza se non está de acordo cos medios e o procedemento a seguir para completar a execución da mesma (art. 109 da LXCA).
- ✓ **Terceiro.-** Notificar a D. Oscar García Bao.
- ✓ **Cuarto.-** Dar conta ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª, solicitando que se teña por executada a sentenza nº 990/2011 recaída en recurso 4358/2009, interposto por D. Oscar García Bao.”

E para que conste expido este certificado en conformidade co que dispón o artigo 204 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde e coa advertencia á que a fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, 31 de xaneiro de 2012.-

Vº e Prace

**O alcalde,**

Angel García Seoane

